

FORO A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 1 | Edición nº 2 | Febreiro de 2018 | PRECIO 0,50 EUROS

Gala do Deporte
Tudense 2017

Páxina VII

Oito ouros para
Wudang no Campionato
Galego

Páxina X

30 actividades
deportivas na
Eurocidade Tui-Valença

Páxina XVI

4ª Semana Cultural
Convenxente Portugal-
Galiza

Páxina XVII

Novo circuito de
Calistenia e Street
Workout no Porriño

Páxina XVIII



Entroido 2018

Páxinas II e III





GASOLEOS TEA S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO



PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



REPSOL

CONDADO / PARADANTA

Entroido infantil en Salvaterra de Miño

Un ano mais os cativos e cativas tiveron o seu Festival Infantil de Entroido, organizado polo Concello de Salvaterra de Miño, con música, karaoke, concurso de disfraces, chocolate, rosca... pero sobre todo con moita diversión.

Entre os preto de 70 nenos e nenas que se presentaron ao concurso de disfraces escolleuse aos tres gañadores. O xurado tivo un traballo moi duro, onde tivo que puntuar a orixinali-

dade, o traballo do disfraz, a confección artesanal e a posta en escena. Os premios consistían, un ano máis, en tres vales, un 3º premio valorado nun vale de 50€, un 2º valorado en 75 e un 1º valorado en 100€ canxeables en roupa ou material infantil.

O gañador foi Samuel Costas con O Sombreiro Loco, segundo Iker Rodríguez con O Aviador e terceira Lía Abreu con Alicia a través do espello.



Entroido en Ponteareas

As comparsas volveron encher as rúas de Ponteareas no desfile do domingo e o escenario na Praza Maior coas coplas. O desfile do martes tivo que celebrarse a cuberto, por mor do mal tempo, no Pavillón de deportes onde as comparsas exhibi-

ron as súas vistosas coreografías.

O luns tivo lugar no Auditorio Reveriano Soutullo o concurso de disfraces infantil (na fotografía inferior) e o de adultos. Pola mañán houbo obradoiros de maquillaxe. Un masivo enterro da sardiña pechou as festas.



Queima da Velutina en As Neves

As Neves arrancou o seu entroido o día 9 co Venres de Comadres na que homes e mulleres levan elegantes vestidos femininos, organizado pola asociación As Neves Group.

O sábado desfilaron polas rúas nevenses as comparsas, sendo as

loais Os Chicleros de Leirado, O Bosque Encantado de Taboexa, Os cupidos de As Neves Group, a comparsa do voluntariado e a comparsa da Velutina.

Ao remate queimouse a Velutina que lle amosamos nas fotografías da esquerda.



Salceda recupera o Entroido Tradicional

Salceda de Caselas recupera o Entroido Tradicional despois de máis de 50 anos desaparecido. O domingo pola mañá fixo a súa posta en escena o Rancho de Carnaval do barrio da Feira, composto por seis danzantes e dúas damas, acompañados por outra figura tamén histórica e desaparecida dende antes da Guerra Civil, que é a figura dos cabaleiros, encargados de abrir espazo entre o público para que o Rancho de Carnaval puidese executar as súas danzas. Cabe lembrar que historicamente existían dous Ranchos de Carnaval, o do Castro Barreiro e o da Feira,

polo que os veciños e veciñas da Feira agardan que tamén o seu eterno rival recupere o seu rancho, e poder así recuperar tamén este histórico enfrontamento. Por outra banda escenificouse tamén a I “Borrallada” no Parque Raíña Aragonta, unha peculiar loita entre mamarrachos na que se lanzan cantidades de borrala entre eles. A figura dos mamarrachos, tamén desaparecida, era a de persoas vestidas con roupas vellas e coa cara tapada, que iban meténdose coa xente que non estaba disfrazada, asustándoos con vexigas de porco e lanzándolles borrala.



O showman Tony Lomba pregoeiro en O Porriño

O cantante Tony Lomba, moi ligado ao Porriño, e sobre todo ao Festival de Cans, foi o encargado do pregón do Entroido o sábado ao mediodía diante do Concello. O seu humor teatreiro non deixa indiferente a ninguén.

Venres de Foliada en Tomiño

Na mañan do venres de entroido arredor de 130 alumnos do CRA Mestre Manuel Garcésdesfilaron disfrazados de lume, en todos vermellos, laranxas e amarelo, mentres que os 210 representantes do CEP Pedro Caselles elixiron como temá-

tica dos seus disfraces a ciencia. Entre os rapaces e rapazas había experimentos, científicos tolos, disfrazados de Einstein... que encheron sobre todo de branco as rúas do centro de Tomiño. Pola tarde celebrouse o "Venres de Foliada".



HUMOR

MAITIRENA



MAITIRENA



FORO A PENEIRA

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com , Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.
Humor: Maitirena, Tokio, Sabin Anca, Fuco, Pepe Carreiro.

Depósito legal: en trámite

HUMOR


TOKIO



SABIN ANCA



FELIX



FUCO PRADO



CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas presente na xuntanza da Rede Municipalista Solidaria

A Concelleira de Participación Cidadá, Cristina Fernández, participou na xuntanza da Rede Municipalista Solidaria, conformada por persoal das administracións locais e provinciais integradas no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Neste encontro, a Secretaría Técnica da entidade fixo balance dos proxectos de desenvolvemento apoiados en países empobrecidos ao longo de 2017, así como das actividades implementadas polas deputacións e concellos socios para concienciar fronte as desigualdades. Ao tempo, presentáronse as accións para o ano en curso, recollendo as achegas das e dos participantes.

A concelleira nacionalista, Cristina Fernández, considera imprescindible concienciar á cidadanía da importancia da cooperación dende pequenos proxectos locais que conflúan en grandes proxectos ata fomentar actitudes diarias que fomenten un modelo de vida sostible e de igualdade de oportunidades.

Cristina Fernández destacou a necesidade de prantexar propostas concretas que fomenten a solidariedade e a cooperación dentro da nosa veciñanza.

A sesión abríuse cun repaso



ao plan de actividades do pasado exercicio, no que se conmemorou o vixésimo aniversario do Fondo Galego, e que se saldou coa incorporación de cinco novas administracións. As actividades de educación para a cidadanía chegaron a milleiros de persoas duns sesenta concellos en forma de exposicións, documentais, contos, obradoiros ou espectáculos musicais e teatrais. Mostra disto foi a exposición de fotografía de Cabo Verde e a actuación de Batuko Tabanka que visitou Ponteareas no mes de novembro.

Ademais, promovéronse dous proxectos en Mozambique, un para previr doenzas e adiccións na mocidade a través do deporte e outro para garantir o acceso á auga nun municipio abrindo catro pozos, ademais de achegar axuda alimentaria

para a poboación dos campamentos saharauís e roupa de abrigo para as persoas refuxiadas na ruta dos Balcáns.

En 2018, está previsto continuar captando novas administracións socias e seguir sensibilizando á cidadanía galega a través de actividades como dúas exposicións fotográficas, unha das cales será presentada polo propio reporteiro Adrián Irago. Tamén continuará o programa de cooperación técnica Vacacións con Traballo e desenvolveranse novos proxectos no Sur canda ONGD galegas, entre outros. Nas xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria recolleranse as suxestións do persoal técnico municipal e provincial para o plan anual, pois nestes encontros o obxectivo é favorecer a circulación da información para realizar un traballo eficaz.

O Parque da Perillana inaugurado cunha festa infantil

Cunha festa infantil, animación, música e centos de globos o parque da Perillana abre as súas portas. O goberno de Ponteareas convidou a todas as familias á inauguración do parque que tivo lugar o pasado día 2 ás 17 horas cunha festa infantil.

O parque infantil da Perillana conta con novos xogos diferentes ocupando unha maior superficie cun chan de caucho que foi renovado por completo.

Na obra retiráronse os xogos deteriorados incorporando elementos de xogo novidosos, algúns adaptados a menores con mobilidade reducida, incorpora

unha tirolina cunha caída dun metro para nenos e nenas maiores de cinco anos, unha casa árbore, unha formiga tobogán, balancíns e montañas con camas elásticas e tobogáns en acero inox, entre outros elementos.

Todos os xogos son de materiais antideslizantes e dispóñense de xeito que faciliten a socialización dos cativos e cativas e con cores uniformes para a súa integración nunha contorna de elevando valor patrimonial.

O entorno do parque infantil mellorouse tamén coa colocación de bancos e peleiras que completa un orzamento de 57.003€.



Concurso fotográfico para alumnado a partires de 5º de primaria dentro da III Semana das Ciencias

A concellería de Ensino, Participación Cidadá e Réxime Interior do Concello de Ponteareas convoca o concurso de fotografía non profesional sobre Medioambiente da III Semana das Ciencias para alumnado matriculado nos centros educativos de Ponteareas a partir de 5º

de primaria inclusive.

Todas as fotografías deberán estar relacionadas co medioambiente e co Concello de Ponteareas: paisaxe, clima, contaminación, cambio climático, natureza, montes, lumes, recursos. naturais, ecoloxía, fauna e flora... son algunhas das pistas a seguir para captar a

instantánea ganadora.

As fotografías deben ser orixinais e inéditas e non premiadas noutros concursos e poden presentarse en cor ou branco e negro ou en calquera técnica. Cada participante poderá entregar un máximo de tres fotografías que deberán ser presentadas no Rexistro

Xeral ou oficina de Ensino do Concello nun sobre pechado.

O prazo de admisión de orixinais estará aberto dende o 15 ao 28 de febreiro de 2018 ata ás 13:00 horas.

O xurado estará composto por unha persoa do departamento de Ensino, un traballador do Concello e catro expertos no eido da fotografía. O xurado emitirá o seu fallo o día 3 de abril e será publicado na web do Concello

www.ponteareas.org

A entrega de premios farase, xunto co peche da III Semana das Ciencias, o sábado 14 de abril no Salón de Plenos do Concello de Ponteareas.

Para máis información deberán consultar as bases colgadas na páxina web do Concello na pestaña "Ensino" "bases" ou clicar directamente nesta ligazón: <http://ponteareas.gal/xiralda/uploads/2018/02/CONCURSO-FOTOGRAFIA-MEDIOAMBIENTAL.pdf>

Gala do Deporte Tudense 2017 o venres 23 de febreiro, no Teatro Municipal de Tui

Os Premios Deporte Tudense 2017 entregaranse na sexta Gala do Deporte Tudense, que se realizará o venres 23 de febreiro, ás 20.30 horas, no Teatro Municipal de Tui.

Neste evento recoñecerase o traballo realizado polos distintos deportistas tudenses, nas distintas categorías establecidas polo xurado, deportista masculino e feminino, deportista masculino e feminino promesa, deportista masculino e feminino promesa veterano, club de-

portivo e club deportivo na promoción do deporte base, adestrador, firma comercial e entidade colaboradora co deporte.

Do mesmo xeito realizaranse distintos homenaxes a persoas e equipos que marcaron o antes e o despois na historia deportiva do noso concello, así como un recoñecemento aos deportistas tudenses que participaron nos campionatos do mundo e de Europa no ano 2017.

O xurado desta sexta edición está conformado por

Rosendo Bugarín, médico e deportista tudense, Enrique Míguez, padeeiro e medallista olímpico, José Manuel Quintana, exdirectivo e exresponsable das escolas deportivas do Tyde F.C., Marisa Giraldez, deportista de varias modalidades deportivas e presidenta do Club Bádminton Tui, Beatriz González, profesora de educación física do CEIP Nº2 de Tui, exresponsable das escolas deportivas do Club Balonmán Tui, e Andrés Urseira, concelleiro delegado de Deportes de Tui.

A Asociación de Empresarios de Mos inicia a súa formación de alto nivel

A Asociación de Empresarios Mos (AEMOS) no seu labor de ampliar coñecemento e dar valor ás empresas, comeza a partir do mes de febreiro os seus cursos de alto nivel dirixidos a Directivos e Mandos Intermedios.

A primeira acción formativa de alto nivel comezará o 23 de febreiro con "Oratoria e Presentacións eficientes", impartida polos expertos Roberto Pérez Marijuan e Juan J. Romeu Crusat, especialistas en comunicación e desenvolvemento de modelos de negocio. O curso ten por obxecto formar ao asistente na elaboración de mensaxes eficaces, realizar presentacións profesionais e deseñar estratexias de comunicación efectivas.

Serán cinco sesións nas que se profundarán aspectos fundamentais para a comunicación de impacto, partindo do autocoñecemento, a proposta de valor, a estrutura da mensaxe, o dominio da expresividade e a linguaxe non verbal e, por suposto, a posta en escena con apoio visual e kinestésico.

Para optimizar a aprendizaxe terá unha metodoloxía activa e participativa baseada na posta en práctica dos conceptos e técnicas asimiladas.

O curso terá lugar os venres 23 de febreiro e 2, 9, 16, 23 de marzo en horario de 16 a 20 horas, na sede de AEMOS na Avenida de Puxeiros, nº64.

Así mesmo, a partir do 26 de febreiro e ata o 28 de maio, cada luns de 8:30 a 10:00 h, impartirase o curso de "Speaking English". Sesións semanais de conversación de temática actual e económica aplicando un método directo que facilita a asimilación dos contidos expostos. As sesións prácticas serán impartidas por Anthony Rostron, profesor nativo con máis de 25 anos de experiencia e docente na Universidade de Vigo e en diversas agrupacións empresariais. Os seus múltiples logros foron destacados en varias ocasións pola prensa e televisión.

Para inscribirse ou obter máis información poden chamar ao número de teléfono 986 498 820 ou dirixirse ao correo electrónico formacion@aemos.es

Charla sobre a lamprea en Corazón de Carballo

O sábado día 17 de Febreiro ás 19:00 impartirase unha interesante charla na granxa escola musical tomiñesa Corazón de Carballo baixo o título 'Bioloxía e Reproducción da Lamprea', da man do doutor Manuel A. Pombal, profesor da Facultade de Bioloxía da uni-

versidade de Vigo.

Esta charla forma parte das xornadas organizadas durante a exposición Amigo Lobo: Lenda e Realidade do Lobo Ibérico, de Carlos Sanz (biólogo, colaborador de Félix Rodríguez de la Fuente).

Paralelamente se farán talleres e actividades para os máis pequenos.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

REDONDELA / O MORRAZO

O Entroido de Bueu recupera a Festa de Vascalleiros

Varias décadas atrás, o Entroido en Bueu non era nada se os vascalleiros non invadían as rúas pedindo chulas, filloas ou o que cada persoa puidese dar na súa casa.

Esta tradición, que se foi perdendo co paso dos anos e coa chegada cada vez máis potente dos disfraces das grandes superficies comerciais, é a que tentan recuperar este ano a A. VV. A Morada, o grupo de pandeiratas "De Cabras" e o Concello de Bueu.

Por iso, o venres 16 de febreiro, a partir das 17.00 horas terá lugar na Carpa da Praza Massó unha festa de vascalleiros que contará coa actuación musical de sete pandereteiras do grupo infantil - xuvenil, unha serie de xogos populares, ... e como non, chulas e filloas. Ademais, a rapazada que vaia co disfraz de vascalleiro poderá gozar dunha "ruta" gratuita por varios locais bueueses que colaboran co relanzamento desta tradición onde poderán consumir chulas ou filloas: Bar Pyramis, Pili Cabaleiro, Copy.es, Mercaprecio, Nene's, Gominolas Isa e Librería Miranda.

Ese mesmo día, a partir das 21.00 horas, a carpa da Banda do Río acollerá un Entroido Swing, con festa te-

mática ganster e cabaret. Comezará cunha clase aberta de Lindy Hop coa asociación Swing On e a continuación, concerto de The Alley Stompers ás 22.30 horas.

Este evento está organizado polo Concello de Bueu, a Deputación de Pontevedra, a Asociación de Baile Swing On, a Asociación de Jazz de Bueu e a hostalaría da Banda do Río.

Pola súa banda, o Bueu Atlético Balonmán celebra ás 21.00 horas o XXXVII Festival de Comparsas no Centro Social do Mar, que terá ademais dúas novas edicións (o 23 de febreiro na Casa do Pobo de Beluso e o 24 de febreiro de novo en Bueu).

O sábado, 17 de febreiro, a partir das 16.00 horas hai un concurso gastronómico de Entroido na carpa da Banda do Río, organizado pola Asociación veciñal. Ás 20.00 horas, nese mesmo lugar, desenvolverase un pasarrúas e actuación da Asociación de Percusionistas Aperta, que se organiza entre o Concello de Bueu e a hostalaría do barrio.

En canto aos desfiles de



Entroido, o sábado 17 de febreiro, sairá o do Enterriño da Sardiña, a partir das 17.00 horas polas rúas da vila dende a Praza Massó, con entrega de premios e queima no mesmo lugar. Aínda que estaba previsto para este mércores, finalmente o Comité de Entroido tomou a decisión de adialo por mor das condicións climatolóxicas.

E o Desfile do Entero do Paxaro de Mal Agoiro terá lugar o domingo 18 de febreiro, tamén ás 17.00 horas, con queima do paxaro na carpa da Banda do Río e posterior actuación das comparsas de Bueu. E pola noite, verbena de disfraces na mesma carpa ás 21.00 horas co grupo Los tres latinos.

Segundo o BNG o PP aposta por eliminar o Partido Xudicial de Redondela

"Rexeitaron no Parlamento a emenda do BNG para a creación do terceiro xulgado", recordan dende a organización nacionalista.

A proposta de creación dun terceiro xulgado para o partido xudicial de Redondela, que aglutina a arredor de 40.000 habitantes, partiu dunha moción da organización nacionalista no ano 2016, defendida polo concelleiro Xoán Carlos González. Daquela o goberno de Javier Bas, abstívose a dita demanda, "sen ningunha razón lóxica". Meses máis tardes, o colexio de avogad@s, xunto aos procuradores/as remitíu un escrito no que demandaba a creación de dito terceiro xulgado. Nunha nova moción, a proposta foi apoiada por unanimidade.

"Só dous xulgados para tanta poboación, constitúe un trato discriminatorio para os veciñ@s dos concellos de Fornelos, Pazos, Soutomaior e Redondela", afirman dende o BNG. Recoñecendo a preocupación de todos os sectores implicados, "principalmente da veciñanza afectada que vén como se relentizan o seus asuntos xudiciais", dende o BNG de Redondela presentaron, vía Grupo Parlamentario, unha emenda aos orzamentos da Xunta, no que recollían unha partida de 300.000 euros



para tal fin.

Malia todo "o Partido Popular volveu darlle as costas á cidadanía, profesionais e traballadores/as dos xulgados, ao rexeitar a proposta", afirman. Sorprendeulles que Alberto Pazos, deputado do PP, perfecto coñecedor das necesidades como profesional da avogacía, e exconcelleiro de Redondela, apoiara esta postura do PP.

Para o BNG, "está claro que o Partido Popular quere eliminar o partido xudicial de Redondela, para integralo no de Vigo, reducindo custos". Emprazan a que agora, Javier Bas, demostre as súas boas relacións coa Xunta, presionando para que se cre o terceiro xulgado, tal como se comprometeu en sesión plenaria.



Comunidades, Colegios, oficinas
cristalerías, moquetas, abrillantado
de suelos, primeiras obras,
limpeza de fachadas

Rúa As Lavandeiras, 3 Baixo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

EMILIO seguros



DECESES · HOGAR · JUBILACIÓN · AHORRO · ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA · COMERCIO · PYMES · COMUNIDADES · R. CIVIL · AUTÓNOMOS · Etc...

tel. información: 609 544 351

Forjados
Hnos. Durán S.L.



Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribademe, 1
36447 AS NEVES (Pontevedra)

Teléf. 986 648 150
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com

UCGAL denuncia ante as autoridades de Consumo a imposición de determinados medios de pago en espectáculos públicos

Logo das queixas de distintos asociados e asociadas, a Unión de Consumidores de Galicia (UCGAL) constatou a proliferación de prácticas en diversos espectáculos públicos que repercuten negativamente nos intereses das persoas consumidoras. O funcionamento dentro dos recintos dalgúns eventos desta tipoloxía obriga ás persoas asistentes a trocar diñeiro de curso legal por “fichas” para poder acceder ó consumo de determinado produtos, polo xeral bebidas alcohólicas.

UCGAL tivo coñecemento de que este proceso de troco de cartos por “fichas” impide que a persoa asistente recupere o importe equivalente se ten “fichas” sobrantes polo

que, no caso de non chegar a utilizalas, perdería os cartos xa que as mesmas non son reembolsables.

As condutas descritas vulneran os dereitos que a lexislación vixente recoñece ás persoas consumidoras e máis concretamente os seus lexítimos intereses económicos xa que por unha banda impide a utilización do diñeiro de curso legal como medio de pago e por outra impide a recuperación do exceso non consumido. Así mesmo, UCGAL considera que ambas as dúas condutas poden ser cualificadas de prácticas abusivas a tenor do establecido na normativa básica de protección das persoas consumidoras e usuarias polo enorme desequilibrio que xera entre

as partes da relación.

A práctica descrita ten unha enorme transcendencia visto que se consolida e prolifera no eido dos espectáculos públicos, dentro e fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, o inxente número de asistentes a estes eventos (o ano pasado tres festivais musicais celebrados en Galicia congregaron a preto de 125.000 persoas) converte esta práctica nun problema de enorme magnitude que as autoridades de consumo non poden ignorar.

Consumo alcohol

Outro aspecto preocupante, que UCGAL trasladará ás entidades con competencias en sanidade, ten que ver co consumo de alcol. A xuízo desta

asociación a imposibilidade de recuperar o diñeiro das “fichas” non utilizadas coloca ó consumidor ante a disxuntiva de perder diñeiro ou consumilo. Este problema cobra especial significado cando o medio de pago só permite adquirir bebidas alcohólicas, promovendo así unha conduta que incita ó seu consumo.

Especialmente preocupante resulta este problema cando ós feitos descritos sumamos a hipotética situación derivada da falta de control exhaustivo no acceso a bebidas alcohólicas

por parte de menores. Unha situación que ben puidera darse ó tempo de finalización destes eventos, momentos

nos que a medidas de control e vixilancia puideran diminuír.

UCGAL solicita tanto ó Instituto Galego de Consumo (IGC) como as autoridades con competencias en Sanidade de Galicia que dean traslado ós seus homólogos nas diferentes comunidades autónomas ó entender que estas prácticas non son exclusivas da nosa comunidade autónoma e que se reproducen a nivel estatal.



UNIÓN DE
CONSUMIDORES
DE GALICIA

Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.

Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºda. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Wudang faise con oito medallas de ouro no Campionato Galego

A Asociación Deportiva Wudang faise con oito medallas de ouro no campionato galego celebrado esta fin de semana pasada no pavillón dos Remedios de Ourense. No encontro o wushu de Ponteareas tamén acadou catro medallas de prata e tres de bronce; aumentando o número de medallas respecto á tempada do 2017 no que conseguiran oito fronte ás quince obtidas esta fin de semana conseguindo os resultados en todas as categorías e disciplinas.

Medallas no Campionato Galego

Belén Arjones Fernández, senior feminino, ouro en Nanquan e ouro en Nandao.

Xes Argüelles Presa, infantil masculino, ouro en Nanquan e ouro en Nandao;

Gabriel Candal Veiga, infantil masculino, prata en Nanquan;

Yorel López Romero, infantil masculino, ouro en Changquan;

Samuel Sánchez Gil, cadete masculino, prata en Nanquan;

Naim Codeseda Tielas, junior masculino, prata en Changquan;

Sergio Vázquez Alonso, junior masculino, ouro en Changquan e ouro en Daoshu;

Paula Sotelino Coro, senior feminino, bronce en Daoshu;

Jacobo Mo Caeiro, senior masculino, bronce en Nanquan e prata en Nandao;

Maikel Cuña Bernárdez, senior masculino, bronce en Nandao;

Lorenzo Rivera Trigo, senior masculino, ouro en Nangun;



1º ROTEIRO MUSICAL

pentagrama

HOSTALEIRO

PONTEAREAS

17^e 18 FEBREIRO 2018

Encontros de 15 minutos de música moderna e divertida tocada pola Banda de Música Xuvenil de Xinzo e alumnos do Conservatorio Municipal

PONTEAREAS

Concello de PONTEAREAS

90 microconcertos de 15 minutos

Rutas do Sábado 17

Concertos de 15 minutos

De 12h a 14h

RUTA 01

TAPERÍA O MUÑO
12:00h a 12:15h
12:45h a 13:00h

CAFETERÍA SAUDADE
12:15h a 12:30h
12:30h a 12:45h

VINOTECA EIRA VELLA
13:00h a 13:15h
13:45h a 14:00h

TAPERÍA LA SARTÉN
13:15h a 13:30h
13:30h a 13:45h

RUTA 02

D'PEYO
13:00h a 12:45h
13:15h a 13:30h

PICOTEA
12:45h a 13:00h
13:30h a 13:45h

A CASA DA TRIGA
13:00h a 13:15h
13:45h a 14:00h

RUTA 03

CAFETERÍA XIROPE
12:00h a 12:15h
12:45h a 13:00h

EL RINCÓN DE DANI
12:15h a 12:30h
13:00h a 13:15h

CERVECERÍA BALÚ
12:30h a 12:45h
13:45h a 14:00h

RESTAURANTE MAMÁ FINA
13:15h a 13:30h
13:30h a 13:45h

RUTA 04

CAFETERÍA LOS PITUFOS
12:00h a 12:15h
12:45h a 13:00h

CAFÉ MONET
12:15h a 12:30h
13:00h a 13:15h

CAFETERÍA ASÚGAR
12:30h a 12:45h
13:45h a 14:00h

BOCATERÍA TROLL
13:15h a 13:30h
13:30h a 13:45h

Desfruta do mediodía ou da noite... do teu café, cervexa, copa... coa parella, so, coa familia...tapea, cea...

Na hostalaría de Ponteareas temos de todo!!



Intercentros de Xadrez

Adrián Carpintero do IES do Barral gaña o encontro Intercentros de Xadrez que congregou a 45 alumnos e alumnas dos tres institutos de Ponteareas, IES do Barral, IES Pedra da Auga e IES Val do Tea. No encontro, celebrado neste último centro, quedou en segundo lugar Antón Rama do IES do Barral e terceiro Alejandro Puento do IES Val do Tea.

De 20h a 22h

Rutas do Sábado 17

Concertos de 15 minutos

RUTA 01

- CAFETERÍA NOVO CORTIÑAS: 20:00h a 20:15h, 20:45h a 21:00h
- BOCATERÍA TROLL: 20:15h a 20:30h, 21:00h a 21:15h
- A CASA DA TRIGA: 20:30h a 20:45h, 21:45h a 22:00h
- TAPERÍA NOVO TÚNEL: 21:15h a 21:30h, 21:30h a 21:45h

RUTA 02

- PICOTEA: 20:00h a 20:15h, 21:45h a 22:00h
- TAPERÍA O MUÍÑO: 20:15h a 20:30h, 20:30h a 20:45h
- RESTAURANTE MAMÁ FINA: 20:45h a 21:00h, 21:00h a 21:15h
- TAPERÍA LA SARTÉN: 21:15h a 21:30h, 21:30h a 21:45h

RUTA 03

- CAFÉ GOYA: 20:00h a 20:15h, 21:45h a 22:00h
- CERVECEIRA BALÚ: 20:45h a 21:00h, 21:00h a 21:15h
- EL RINCÓN DE DANI: 20:30h a 20:45h, 21:15h a 21:30h

RUTA 04

- CAFÉ MONET: 20:00h a 20:15h, 21:30h a 21:45h
- CAFETERÍA MIKADO: 20:15h a 20:30h, 20:45h a 21:00h
- CAFETERÍA AS POMBAS: 20:45h a 21:00h, 21:15h a 21:30h

15 minutos por cada un dos 90 microconcertos de música de banda que inundarán coas mellores notas un total de 20 establecementos hoteleiros. Non quedes na casa! Desfruta da boa música coa túa cea, cervexa, café...

De 12h a 14h

Rutas do Domingo 18

Concertos de 15 minutos

RUTA 01

- TAPERÍA O MUÍÑO: 12:00h a 12:15h, 12:45h a 13:00h
- CAFETERÍA SAUDADE: 12:15h a 12:30h, 12:30h a 12:45h
- VINOTECA EIRA VELLA: 13:00h a 13:15h, 13:45h a 14:00h
- TAPERÍA LA SARTÉN: 13:15h a 13:30h, 13:30h a 13:45h

RUTA 02

- CAFETERÍA NOVO CORTIÑAS: 12:00h a 12:15h, 12:45h a 13:00h
- D'PEYO: 12:15h a 12:30h, 12:30h a 12:45h
- A CASA DA TRIGA: 13:00h a 13:15h, 13:45h a 14:00h
- TAPERÍA NOVO TÚNEL: 13:15h a 13:30h, 13:30h a 13:45h

RUTA 03

- EL RINCÓN DE DANI: 12:30h a 12:45h, 13:15h a 13:30h
- CAFÉ GOYA: 12:45h a 13:00h, 13:30h a 13:45h
- RESTAURANTE MAMÁ FINA: 13:00h a 13:15h, 13:45h a 14:00h

RUTA 04

- CAFETERÍA LOS PITUFOS: 12:00h a 12:15h, 12:45h a 13:00h
- CAFETERÍA AS POMBAS: 12:15h a 12:30h, 13:30h a 13:45h
- CAFETERÍA ASÚCAR: 12:30h a 12:45h, 13:15h a 13:30h
- CAFÉ MONET: 13:00h a 13:15h, 13:45h a 14:00h

Concellería de Comercio

PONTEAREAS | Concello de PONTEAREAS

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

■ Xoán Antón Pérez-Lema

A Inutilidade da esquerda española

A rrepía a degradación sufrida polo Estado de dereito nos últimos cinco meses, nomeadamente (malia que non só) por mór da cuestión catalá.

O Dereito Constitucional foi gravemente vulnerado. O artigo 155 da Constitución abeiraba unha intervención na Generalitat, nunca medidas como a disolución do Parlament ou o cesamento do Govern. As recentes medidas cautelares adoptadas polo Tribunal Constitucional para impedir a investidura de Puigdemont vulneraron tamén a súa doutrina, que non permitía admitir

recursos contra propostas ou hipóteses.

O maxistrado Larrena (Tribunal Supremo-TS-) inventou novos delitos de rebelión e sedición sen violencia, emitiu e anulou a vontade euroordes de detención contra Puigdemont e os conselleiros exiliados e xustificou a prisión preventiva no mantemento da ideoloxía independentista. Puro Dereito Penal do Inimigo.

No que atinxe ao Dereito Procesual, entre outras moitas actuacións ilegais, descoñeceuse a competencia (directamente prevista no Estatut) do Tribunal Superior de Xustiza de Catalunya

para investigar e axuizar conselleiros e deputados para substituíla pola do TS. Deste xeito téntase xustificar o encarceramento fóra de Catalunya e négase o dereito, recoñecido na lexislación europea de dereitos humanos, a un recurso de apelación contra da sentenza que decida o TS.

Estamos xa, na práctica, nun estado de excepción, tanto pola derrogación implícita das garantías constitucionais do autogoberno das autonomías como das garantías dos dereitos das persoas a un xuízo xusto perante os Tribunais ordinarios predeterminados.

O PSOE fai parte do tripartito do 155 e mércalle ao PP e Cs o seu modelo territorial recentralizador, coadxuvando a facer posíbel o actual

estado de excepción de feito. E Unidos Podemos e os Comúns adoptan imposíbeis equidistancias, chegando Alberto Garzón xustificar a represión (“no se pueden ir de rositas”). O sempre reivindicativo mundo do cinema español calou de todo cando tivo ocasión de falar.

Só as forzas galeguistas (BNG, En Marea e CXG) e os nacionalismos vasco, balear e valenciano apoiaron o dereito a decidir dos cataláns e apoian arestora a loita de millóns de cataláns polos seus dereitos fundamentais. Porque isto vai, nomeadamente, de dereitos humanos e de Estado de dereito.



■ Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro Enrique Peinador

Cada pedra ten o seu andar

Na arte de traballar as pedras os nosos canteiros botaban man da intelixencia, dos coñecementos empíricos e da imaxinación. Todos os tres medios conxugados facían do “arxina”, normalmente iletrado, un profesional competente capaz de crear fermosas obras de arte imperecedeiras.

Por unha póla familiar tiveron moito trato cos canteiros. Chamoume sempre a atención a intuitiva imaxinación que tiñan para resolver calquera problema que lles xordese. Deles aprendín que cando se esgota o coñecemento, hai que botar man da intuición. Rachar un penedo non é tarefa doada se non se aplica a intelixencia e se descoñece que cada pedra ten o seu andar, a veta por onde escáchalo.

Porque a intuición, segundo un médico-antropólogo, García-Sabell, é o xermolo do que partir para describir calquera realidade. Esta é a semente de ideas. O abrocho do pensamento. Realidade que só teñen os humanos. Principio activo e complexo de todo coñecer do que derivan os significados máis inexplorados no discurso humano. Ten moito que ver coa decisión

rápida ante eventualidades complexas na que o coñecemento a medias do problema precisa de anticipación para afrontar as súas consecuencias.

Os intuitivos, afirma o autor citado, os intuitivos son as persoas que en cadansúa actividade están transcendendo sempre do que están vivindo en primeira persoa ao que está sucedendo detrás das bambolinas. Concentran as forzas nas situacións existenciais concretas para desde elas abrírense a perspectivas e horizontes insospeitados. Así é como miran os intuitivos: interpretando.

Concordo cos científicos que din que os intuitivos captan o mundo das relacións como último soporte tanto das estruturas permanentes coma dos elementos cambiantes e dos datos soltos; están especialmente dotados para contemplaren como o río silandeiro da vida, mesmo onde fai relanzos, segue a furar novos camiños para ollar a esfera do transcendental coma o horto de calquera outra dimensión.

Cando profundaba nestas teorías, véume ao maxín unha anécdota reveladora de todo o exposto. Era un

10 de novembro de 1976, naquela altura tiña unha relevante responsabilidade na dirección política da UPG que viña dos tempos da clandestinidade, e vínme obrigado a redifinir o novo tempo político que se lle viña enriba ao movemento nacionalista. Tempos de mudanzas que había que albiscar con imaxinación e intuición, porque a información que tiñamos dos movementos que estaban a deseñar as élites políticas do réxime franquista chegábanos envoltas nun neboeiro. Había que interpretar o pouco que sabíamos para sortear as dificultades incertas que estaban por vir. Elaborei un plan e presentéille á dirección do partido. Aquel debate tiña dun lado aos dogmáticos que se movían con razoamentos teolóxicos –a teoloxía ben sabemos que non é unha ciencia– e do outro os que utilizábamos valoracións máis rigorosas. Aquilo derivou nun enfrontamento que tivo un final esperpéntico. Nun momento determinado dirixíndome ao “teórico” e líder da facción contraria á miña díxennlle, descalificando a súa autoridade, que algún día veríao militar nun partido de dereitas radicalmente contrario ao nacionalismo. Como queira que consideraran gravísima a miña acusación

demandáronme iradamente que dera razóns. Respondínlles que estaba fundamentada nunha intuición moi sólida, como era certo. Movidos por un resorte, todos os demais, agás un, erguéronse alporizadamente para reprocharme con berros ao unísono que “a intuición non era marxista”. E quedaron tan panchos. Aínda non pasaran seis anos daquel suceso, cando o impostor, Pedro Luaces Rosón, que así se chama o avezado recitador de fraseoloxía pseudorevolucionaria (recitaba os clásicos marxistas como fan coa Biblia os dogmáticos membros das seitas relixiosas), pasou a ser man dereita e brazo executor de Cacharro Pardo e do seu partido. Un personaxe traxicómico que mesmo se convertera ao islamismo antes do seu suicidio. Os que no seu día o elevaron á secretaría xeral do partido, aínda non deron explicacións coherentes daquel transfuga.

A razón afianza o pulo intuitivo e, ademais, tórnao revelador de novas realidades. Os dogmas políticos e relixiosos son a antítese da razón.



OPINIÓN

Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero

Que Cristo!

Probre rapaz este Daniel Serrano, que se lle ocorreu poñer o ser careto no canto do de Cristo para colgar na súa conta de Instagram. Fíxoo sabendo empregar programas de tratamento de imaxes e no ámbito dos seus para facer unha broma. Para máis inri colleu unha foto del na que tiña un piercing. Aparta Satanás, levantáronse os da Confraría da Amargura e amargárono. Ninguén lles aprendeu, aos da Amargura, aquela canción que a nós tanto nos fixeron cantar, aquela de “perdona a tu pueblo, Señor, perdona a tu pueblo, perdónalo Señor. No estés eternamente enojado, ...etc.” Daquelas os fiscais non ían ás procesións de Semana Santa, cando Don José Ferro polo centro da cidade, na do Santo Enterro, berraba e facía cantar aos cofrades. Pero a cousa non queda aí, en memorias do pasado. A cousa é moito máis grave e ten que ver con iso de recortar dereitos. En concreto aquel máis fundamental, o dereito da libre expresión, e non só lle ocorreu a el, ao rapaz da foto, aféctanos a nós, a todos. Estamos diante de múltiples exemplos, de novo, da perda da leve democracia conseguida, mesmo na perda dalgo tan fundamental como a “liberdade expresiva”. Non é de agora, vén xa de vello. Ademais van engadindo delitos, de odio, de non redención das culpas, de ocultación sen transparencia, de silencios manifestos. Lembremos a

Cassandra Vera, aquela moza pálida que se lle pasou pola cabeza facer uns tuits con chistes referidos a Carrero Blanco, man dereita de Franco e que tiña unha canción: “Carrero, Carrero, que haces tu subido en el alero?” da que, por certo, sinto dicirlles aos que se doían da broma



que non é burla, que o seu autor morreu hai pouco. Pois ben, volvendo ao conto, a Cassandra condenárona a un ano de prisión! Que animalada! Unha parenta do mentado, Sr. Carrero, mesmo botaba as mans á cabeza escandalizada daquela decisión! Ah, pero tamén un grupo de rapeiros, coido eran unha ducia, que foron condenados tamén –nesta decadente forma de interpretar as leis– a dous anos e un día porque as súas letras seica eran subversivas, o que antes chamabamos crear conciencia. Lem-

bro, canto tempo hai xa, a Suso Vaa-monde cando cantou aquilo de “Cando me falan de España...” e mandábano para o caldeiro, con multa e todo. Menos mal que fuxiu ata que a razón lle devolveu a liberdade. Ata que a vinganza dos traidores pousou na balanza da comprensión e entendemento. Pero moito sufriron na familia e no arredor, os amigos que viamos como a xostra da suposta xustiza condena a

neiro deste ano pasado, ao cantante dun grupo “Def Con Dos” a un ano de cárcere por outros tuits non que facía graza do rei e de varios dirixentes franquistas. A cousa tería graza se non pasara da anécdota que é, pero neste país resulta que se están conculcando leis que protexen o dereito de expresión, da liberdade de dicir. Se seguimos así todos acabaremos no trullo e entón non terán eles sitio para cando sexan xulgados pola corrupción voraz que os persigue. Quizais o fan por iso, para saturar as prisións e quedar eles sen praza cando lles toque. A eles non será por expresión, senón por extorsión e corruptelas múltiples, tantas que se institucionalizaron e forman parte do sistema empobrecéndonos aos demais, castigándonos a este clase de caos que é o infortunio e crise. Tamén se pode ver, agora con máis claridade, a pouca independencia da xustiza, cada vez máis difuminados órganos do poder político, coñecido de vello pola súa forma de facer, antidemocrática e perversa que dá como consecuencias estes procederes de aliñamento que motivan actuacións case vergoñentas que desprenden unha total desconfianza e decepción do sistema, aínda maior. Nótase como estan controlados e influídos, como tenden a aquela vella usanza de todo atado e ben atado, ...deixa de ser xustiza xusta, porque isto –digan o que queiran– non é xusto!



Por Ramón Coira Luaces

Todo pola Patria



Como sabedes, este é un lema español. Eu só o traducín ao galego. E non son o primeiro... Sempre crin na reciprocidade e, se ese lema é bo para España, tamén é bo para Galicia. Como vedes (correxí-deme se me equivoco), ningunha institución española é democrática, todas están dominadas polos españo-listas e todas son hostís a Galiza. Me-



xáronse no pacifismo catalán e mé-xanse na nosa Patria, no noso pobo,

no noso medio ambiente, no noso idioma, na nosa Historia e na nosa cultura. Observade atentamente e decide até onde queredes ou podedes chegar. Só vos digo unha cousa: a min daríame vergoña ser amigo ou ser leal a un inimigo de Galicia. Como dixo Castelao, denantes mortos que escravos. A loita é o único camiño.



OPINIÓN

■ Por Movemento Oia

Na defensa do Mosteiro de Oia

O concello de Oia ven de pasar por varias investiduras nesta última lexislatura, primeiro foi a investidura como alcaldesa Rosa Otero, concelleira do PSOE para gobernar en minoría apoiada polo Grupo Mixto Municipal e Convergencia Galega; partido que centrou a súa candidatura en derrotar ao PP pero sen chegar a un acordo de pacto co PSOE.

Foi naquel momento cando o concelleiro independente do Grupo Mixto argumentou nos medidos de comunicación que ese Goberno en minoría do PSOE, non duraría mais de cinco meses.

Así foi que despois de cinco meses do PSOE ao fronte do Concello de Oia sufría unha moción de censura a través dun pacto de goberno entre Convergencia Galega e o PP, dando paso a asumir a alcaldía a Popular Cristina Correa, aínda que despois de dous anos os pactos entre Convergencia Galega e o Partido Popular chegarían ao seu fin, xusto despois de que certas adxudicacións económicas tamén chegaran ao seu fin, pero fundamentando a ruptura do bipartito por falta de consenso no goberno do mesmo.

Sempre foi o Goberno de Cristina Correa, nunca se escoitou falar de Bi-

partito en Oia, difícil delegar nos concelleiros de Convergencia Galega despois dun pacto destas características.

Durante os meses do Goberno do PSOE as carpetas cos expedientes do proxecto de rehabilitación do mosteiro voltaron a abrirse pero o Partido Popular na oposición fechouse para defender o proxecto coa corporación municipal.

Xa por aquel entón varias faltas de respecto utilizando insultos dende o goberno en minoría do PSOE a membros de Convergencia Galega nun dos plenos, axudaron a estreitar os lazos entre o PP e Convergencia para a que sería a moción de censura que desbancaría ao PSOE no seu pequeno mandato xa anunciado.

Pouca man Esquerda, falta de profesionalidade, arrogancia, soberbia, falta de ética e responsabilidade de cara ós veciños, axudaran a que novamente o PP voltara ao Goberno e tentara gobernar novamente e malamente en Oia coa chave de Convergencia Galega.

Pero como xa obsevamos, sempre foi o Goberno de Cristina Correa, xa que non conseguiu facer equipo de goberno nin delegar nos concelleiros de Convergencia Galega que dentro das súas función pactadas apenas fi-

xeran moita labor nos cargos asumidos dentro das concellerías ficticias que foron repartidas.

A finais do ano 2017 a plataforma veciñal S.O.S. Mosteiro en defensa do mosteiro avanza solicitando a expropiación do mesmo debido ao seu deterioro extremo, abandono e desidia por parte das administracións e do concello, dando pasos sociais de cara os veciños, mediáticos de cara os medios de comunicación e burocráticos de cara as administracións, presentando



varios escritos, firmas e mocións respaldadas por toda a corporación municipal no pleno.

Un goberno que argumentou nos medios de comunicación o seu descoñecemento do estado do Mosteiro de Oia, mentres a administración non contempla que nin o Concello nin o propietario do mosteiro descoidaran

a súas responsabilidades co mosteiro en base a Lei de Patrimonio; ...algúns por descoñecemento da mesma e outros por falta de presión por parte da administración.

Xa en Xaneiro de 2018 romperonse os acordos do Bipartito e Convergencia Galega, decidiu voltar á oposición, onde din encontrarse mais cómodos e creen que poden facer un mellor traballo.

Dende a oposición veñen de presentar unha moción solicitando as copias dos informes dos que dispoña Patrimonio ou dos que teña coñecemento, do estado do Mosteiro, a través desta alcaldía para que así o pleno poda valorar.

Dende o Grupo Municipal Mixto somos conscientes que calquera acción en defensa dos intereses do pobo de Oia sempre e máis viable levala a cabo dende o goberno que dende a oposición, con mais motivo se a maioría dun bipartito pertence a o mesmo partido que goberna na Xunta de Galicia.

Dende o Grupo Municipal Mixto estamos na obriga de apoiar calquera plataforma veciñal e así o vemos facendo, en calquera cuestión relacionada cos intereses de Oia.

Levamos toda a lexislatura dende 2015 relembando o estado do mosteiro en case todos os plenos e así o seguiremos facendo, mantendo só un concelleiro na oposición dentro do Grupo Mixto.

■ Asociación de Empresarios de Redondela

A Asociación de Empresarios quiere replantear a integración de Redondela no Doing Business

O proxecto Doing Business do Grupo Banco Mundial, creado para a recompilación e análise dos datos cuantitativos para obter indicadores que permitan comparar os trámites e os tempos nas distintas fases de vida das empresas, no que está a participar a Xunta través da Consellería de Economía, Emprego e Industria xunto ao Ministerio de Economía e Competitividade a través do ICEX, contemplou como primeira iniciativa, trala creación da Oficina Doing Business en Galicia, a articulación dun proceso par-

ticipativo que facilitara a participación de empresarios, emprendedores e da cidadanía en xeral, a presentación de propostas e suxestións para mellorar a regulación e por en coñecemento da administracións os obstáculos regulatorios da actividade empresarial. Sen embargo, por ningún grupo político se achegaron a Asociación Empresarial para recoller a opinión dos representantes do colectivo antes levar a pleno esta cuestión tan directamente vinculada coa actividade económica local.

O propio organismo mundial realizaba

en 2015 o primeiro estudo subnacional en España, no que está incluído Vigo como cidade representante de Galicia. Vigo, e por extensión toda a súa área, en canto a facilidade para facer negocios, dende o punto de vista de apertura dunha empresa queda relegada ao último posto das 19 cidades analizadas, so mellora en canto a obtención de electricidade que sube ata a valoración 13 de 19.

En Redondela, segundo municipio da comarca de Vigo en canto número de habitantes, rexistra, segundo os datos da serie estatística do banco de datos municipal do Instituto Galego de Estatística, unha diminución do 6,26% no número de empresas entre os anos 2008 e 2014. Valor que contrasta coa subida do 5,20% en O Porriño e o 1,90% en Mos. Os últimos datos co-

rrespondentes a 2015 e 2016 co cambio de tendencia tamén son peores en Redondela respecto aos dos municipios do entorno máis próximo. A subida do número de empresa é tan so do 2,27%, fronte ao 3,80 de O Porriño e o 3,54% do termo municipal de Mos.

Entre os anos 2008 e 2014 o número de empresas no sector comercial (retallista e polo xunto) e o sector hostaleiro presentan sendas reducións, do 4,06%. A poboación no concello de Redondela é outra variable que ven rexistrado valores a baixa nos últimos anos, en 2017 con 29.392 habitantes, nos sitúa a niveis en termos de habitantes do ano 2003.

A nota positiva das cifras estatísticas de Redondela ven tan so da man da evolución do emprego que está rexistrando valores descendentes.

Xornadas de formación de directivos de EFAs en Casa de Galicia, en Madrid

Finalizadas as xornadas de formación de directivos das Escolas Familiares Agrarias (EFA) “Os novos empregos no medio rural: retos para os docentes da FP” que durante dous días reuniron na Delegación da Xunta en Madrid/Casa de Galicia a máis de medio centenar de directivos de sete comunidades: Aragón, Andalucía, Castela a Mancha, Comunidade Valenciana, Estremadura, Madrid e Galicia, cuxa EFA organizou o encontro en colaboración coa Unión de Escolas Familiares Agrarias de España (UNEFA).

No acto de inauguración, que estivo presidido polo delegado da Xunta en Madrid e director da Casa José Ramón Ónega López, interviñeron a

directora xeral de Formación Profesional do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, Rosalía Serrano Velasco; o presidente de UNEFA, Javier Prado; o presidente de EFA-Galicia, Gabriel Tirapu Díaz e a directora das Xornadas, María Teresa Salinero.

Estas xornadas desenvólvense cada dous anos e teñen por obxectivo a formación dos directivos dos vinte e seis centros das EFA, que impartirán os ensinamentos entre os máis de catrocentos profesionais que traballan nelas, quen á súa vez poderán aplicalas aos 4.445 alumnos que teñen neste curso.

De Galicia asisten seis persoas, entre elas, os directores dos Centros de Promoción Rural – EFA de Coristanco, Arzúa e



O delegado da Xunta, José Ramón Ónega posou cos directivos e participantes das Xornadas.

As Neves, así como o presidente e o secretario xeral da Federación EFA Galicia. Nelas estudan máis de 300 alumnos. Impártese ESO e estudos Agrarios, Sanitarios, Administrativos e Industrias Alimentarias.

A pedra angular das EFAs é o método pedagóxico que aplican baseado na alternancia. A empresa xunto coa escola e a familia son protagonistas da formación “á carta”, en función do que o mercado demande,

incluso anticipándose a formar estudantes para os postos que se van a precisar a curto prazo. Ofrecen unha formación integral, logrando bos profesionais pero tamén boas persoas, coas habilidades necesarias para incorporarse ao ámbito laboral, sempre no eterno rural máis próximo. As EFAs acaban de cumprir os primeiros 50 anos de existencia, axudando ao desenvolvemento do medio rural e formando a máis de 40

mil alumnos. En Galicia, son xa máis de dous mil antigos alumnos que desde as súas explotacións agrarias, pequenas ou medianas empresas, nos seus traballos e iniciativas, axudan ao desenvolvemento e promoción da comunidade autónoma.

En toda España colaboran con máis de 3.600 empresas, en moitas das cales hai alumnos das EFAs realizando prácticas profesionais.

O alcalde de Bueu visita o Estaleiro da Banda do Río para valorar o estado da madeira

Tal e como estaba previsto nas semanas previas, o alcalde de Bueu, Félix Juncal, visitou este martes as obras de rehabilitación do Estaleiro da Banda do Río, máis coñecido como Purro, para ver o estado dos piares de madeira da estrutura e analizar os que se poden conservar e fixar os criterios no caso de que se deba subsistir algún. Juncal salientou que “é unha obra complexa e confiamos en que o resultado final se corresponda coa ilusión que todos e todas temos depositada nela”. Na visita ás obras estivo acompañado por Covadonga López, directora do Museo Massó, Víctor Domínguez, da Asociación de Embarcacións Tradicionais Os Galos, así como por Manuel Purro, o experto carpinteiro de

ribeira que fixera a obra no pasado, o encargado da empresa adxudicataria, e o arquitecto municipal.

Este proxecto é unha das grandes ilusións do goberno local, debido a que é a única carpintería de ribeira da ría de Pontevedra e supón un dos maiores elementos identitarios do pobo mariñeiro de Bueu. Por iso, e dado o interese social, o alcalde quere salientar a colaboración de todas e cada unha das persoas e entidades que están achegando o seu gran de area para que as obras se poidan levar a cabo coas máximas garantías. Boa proba disto é que, ao longo desta semana, colaboradores do Museo Massó realizarán un inventario de todas e cada unha das pezas de madeira da es-

trutura, para decidir despois cales se seleccionan.

A empresa adxudicataria, Coviastec, avanza na obra para poder rematala no prazo de execución, que se estipula en maio. O estaleiro sitúase no dominio do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, aínda que foi informada a súa concesión para as obras ao Concello de Bueu fai xa dous anos.

O proxecto de rehabilitación desta primeira fase foi adxudicado por un importe de 209.012,00 €, IVE incluído. Nestas obras está prevista a consolidación estrutural, ademais da substitución de todos os elementos de cubertas e a execución dun peche perimetral de vidro e madeira que permita a visión dende o espazo urbano



da estrutura do estaleiro.

Esta primeira fase, que rematará a comezos da primavera, complementarase cunha segunda, que vai con cargo ás axudas do Grupo de Acción Local da Ría de Pontevedra (GALP), e que incluírá o acondicionamento do lugar con contidos expositivos, museísticos, unha pasarela de madeira interior, iluminación e vídeo vixilancia. A idea é que no interior se manteña unha expo-

sición de embarcacións tradicionais, e que exista un espazo para a realización de actividades divulgativas.

Por último, hai que destacar que o Concello xa dispón dunha páxina web específica sobre o estaleiro (www.estaleirodepurro.gal), con información sobre o proxecto e o concurso de ideas, cunha breve referencia á carpintería de ribeira e ás embarcacións tradicionais que tanta relación teñen con el.

NOVAS DA RAIÁ

TUI-VALENÇA

A Eurocidade Tui-Valença oferta unha trintena de actividades deportivas no seu calendario conxunto para 2018

Entre as novidades está a Epic Race, un campionato de Yolas de remo, ou o Campionato Ibérico de Enduro Sprint

Unha trintena de actividades de até 19 modalidades deportivas conforman o Calendario Deportivo da Eurocidade Tui-Valença para este ano 2018, no que se inclúen varias novidades. Así se deu a coñecer esta mañá na Escola Superior de Ciencias Empresarias de Valença, onde tivo lugar a presentación destas actividades por parte do alcalde de Tui,

Carlos Vázquez Padín, o presidente da Cámara de Valença, Jorge Salgueiro Mendes, o concelleiro de Deportes de Tui, Andrés Urseira, o vereador de Desporto de Valença, José Monte, a deputada provincial de Deportes, Chelo Besada, o xefe do Servizo Provincial de Deportes da Xunta, Daniel Benavides, e o director rexional do Instituto Portugués de Desporto, Vitor Días.

Automobilismo, fútbol, motociclismo, bicicleta de montaña, andainas, baloncesto, pádel, atletismo, judo, kung fu, natación, balonmán, hockey, tenis, remo, orientación, trail, baile deportivo e xadrez son as modalidades deportivas incluídas nesta ampla oferta deportiva da Eurocidade. As probas previstas desenvolveranse en Tui, Valença, o río Miño e tamén no espazo aéreo das dúas cidades.

Entre as novidades que se presentan para este



ano está a Epic Race, unha das probas máis duras de Btt que se celebran en España e que contempla un percorrido de 550 quilómetros en tres días por parte dos participantes. Amais por vez primeira celebrárase unha proba de iolas de remo en augas do río Miño cun campo de regatas completamente visible para o público. Tamén se incorpora o Campionato Ibérico de Enduro Sprint, unha proba de orientación no casco histórico de Tui e nas murallas de Valença, o un swimrun, unha proba singular e espectacular na que os deportistas combinan tramos a nado e correndo coa mesma

indumentaria. Tamén se recuperará o Rallie da Eurocidade.

O calendario deportivo da Eurocidade abriuse o pasado día 3 de febreiro coa celebración da primeira proba do TT Eurocidade na que participaron 150 todos terreos, a segunda proba terá lugar o 24 deste mes para motos. Tamén este mes, o día 17 celebrárase a III Taça de San Teotónio na que se enfrontarán o Valenciano e o Tyde co gallo da festividade de San Teotónio en Valença, este encontro terá outro similar en Tui durante as festas de San Telmo coa III Copa San Telmo o 7 de abril.

O mes de marzo abrírase

coa VII Eurocidade BTT que se celebrará o 4 de marzo e que pretende bater record de participantes. O prazo de inscrición está xa aberto.

En marzo comezará o VII Circuito de Andainas Saudables da Eurocidade que ofrecerá até outubro un total de sete andainas, dúas delas nocturnas. Os campionatos de baloncesto, fútbol, pádel, judo, kunf-fu, hockey, tenis, xadrez, e natación, celebrarán unha nova edición. A Eurocidade 10 ou a Urban Trail Night xunto ao festival aéreo, a xuntanza moiteira ou o torneo de baile deportivo completan o calendario previsto.



Exposición fotográfica "A auga, o sangue da terra" de Manuel Valcárcel

Do 1 ao 22 de febreiro a Sala de Exposicións Municipal na Área Panorámica acolle a exposición «Auga, o sangue da terra» de Manuel Valcárcel.

A exposición «Auga, o sangue da terra», realiza un percorrido pola relación do ser humano coa auga mediante fotografías dos cinco continentes. Lugares tan remotos como Nova Celandia, India, China, Níxer, o deserto de Atacama ou a conca do lucense río Lor foron fotografados por Manuel Valcárcel e recollidos neste proxecto que ten como obxectivo valorar a auga como

elemento vital e amosar como inflúe a presenza ou ausencia de auga nas culturas, nas paisaxes e nos ecosistemas.



PULPEIR  **S**

A R E N T E I R O

do Carballiño

636634164

TODOS OS XOVES NA TABERNA TUI

PORTUGAL

Encontro Regional de Coros Escutistas no Pavilhão Multiusos

Promovida pela Junta Regional do Corpo Nacional de Escutas de Viana do Castelo e pelo Agrupamento 981 de Campos, com o apoio da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira, esta iniciativa visa divulgar parte dos repertórios musicais que os grupos corais dos Agrupamentos da Região entoam nas suas atuações e no acompanhamento das diversas cerimónias que integram.

O Encontro Regional de Coros Escutistas conta com a presença de oito coros, a saber: Agrupamento de escuteiros 423 S. Romão do Neiva; Agrupamento de escuteiros 85 Barrocelas; Agrupamento de escuteiros 348 Meadela; Agrupamento de escuteiros 452 Vila Nova de Anha; Agrupamento de escuteiros 787 Vitorino de Piães; Agrupamento de escuteiros 1379 Correlhã; Agrupamento de escuteiros 1028 Reboreda; e Agrupamento de escuteiros 981 Campos.

Os bilhetes estão à venda no Posto de Turismo de Cerveira pelo valor de 2.50€, cuja receita reverte a favor da construção do Centro de Formação Escutista do Distrito de Viana do Castelo.



O evento decorre a 3 de março, a partir das 21h30, no Pavilhão Multiusos de Vila Nova de Cerveira. Todas as informações podem ser consultadas na página da Junta Regional em www.vianadocastelo.cne-escutismo.pt



Curso de Arquitectura de Interiores em Cerveira

Nos dois primeiros sábados do mês de março, a Escola Superior Gallaecia organiza o curso Arquitectura de Interiores, aberto a todos os estudantes e interessados na área de Interiores e Decoração, tais como Arquitetos, Designers, Engenheiros, Artistas Plásticos e profissionais na área de turismo.

O curso de Arquitectura de Interiores introduz o estudante às práticas de projeto de interiores, agregando qualidade estética, implementando estratégias voltadas

à funcionalidade, conforto e sustentabilidade, integração com as artes em geral, além de conhecer os processos de projetos. As remodelações de imóveis atribuem um novo tratamento aos interiores de um espaço, seja residencial ou corporativo, dando ao usuário um novo olhar. Com a importância do turismo que se presencia atualmente em Portugal, quer no alojamento local quer no turismo rural, aprofundar o conhecimento nesta área pode ser um diferencial para o negócio.

4ª Semana Cultural Convenxente Portugal-Galiza

No marco das actividades que se desenvolverán na 4ª edición da Semana Cultural Convergências Portugal-Galiza que se vai celebrar neste mes de febreiro, terán lugar dous actos de presentación do libro "Galegos no Minho. 20 anos do Centro de Estudos Galegos na Universidade do Minho. O día 20 de febreiro ás 18:30h. presentarase na Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva, na Rua de S. Paulo,1 de Braga, e o día 23 de febreiro ás 11:30h. na Sala Seminario Ángel Rodríguez González, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, na rúa San Roque,2 de Santiago de Compostela.

Unha visita a casa de Rosalía, Concertos, coloquios ou teatro enchen o programa que mostramos nesta páxina e que se desenvolverá en Padrón, Braga e Santiago de Compostela.

		PROGRAMA	
BRAGA	PADRÓN	18 de Fevereiro - 12h30	Auditorio da Casa de Rosalia Visita à Casa e Abertura Oficial. concerto com: Canto D'Aqui e Iria Estevez
		20 de Fevereiro - 18h30	Auditorio da Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva Apresentação do livro: Galegos no Minho – 20 anos do Centro de Estudos Galegos na Universidade do Minho
BRAGA	SANTIAGO	20 de Fevereiro - 21h30	Auditorio da Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva Colóquio/Tertúlia: Ana Sofia Carvalheda conversa com Sebastião Antunes e Xabier Díaz Momentos de Poesia e música com o Grupo de Poesia da Universidade do Minho
		21 de Fevereiro - 21h30	Auditorio Conservatorio Bomlim Concerto com: Olima e Daniel Pereira Cristo Momentos de Poesia e música com o Grupo de Poesia da Universidade do Minho
BRAGA	SANTIAGO	22 de Fevereiro - 21h30	Sala Nobre da Reitoria da Universidade do Minho Colóquio/Tertúlia, moderado por Henrique Barreto Nunes conta com Anxo Angueira, Eduardo Maragoto e José Manuel Mendes entre outros. Momentos de animação musical com Sara Vidal.
		23 de Fevereiro - 11h30	Sala Seminario Ángel Rodríguez González Secretaría Xeral de Política Lingüística Apresentação do livro: Galegos no Minho – 20 anos do Centro de Estudos Galegos na Universidade do Minho
BRAGA	SANTIAGO	23 de Fevereiro - 21h30	Casa das Crechas Tributo a José Afonso e «Cavaquinho Cantado» Concerto com: Daniel Pereira Cristo
		23 de Fevereiro - 21h30	Theatro Circo Concerto de Tributo a José Afonso com: Primo Convexo, Uxia e Canto D'Aqui
BRAGA	SANTIAGO	24 de Fevereiro - 11h00	União de Freguesias da Nogueiró a Tenões Inauguração da Praceta Rosalia de Castro
		24 de Fevereiro - 21h30	Auditorio Adelfino Caraviana do Conservatorio de Música Colustie Gulbenkian de Braga Espectáculo de Teatro, Dança e Música VOA – Adaptação livre de "O espantoso amigo" de José Neira Vilas Escola Municipal de Artes Escénicas da Estrada – Tequexelédere
BRAGA	SANTIAGO	25 de Fevereiro - 12h00	Teatro Municipal de Santiago de Compostela Encerramento da Semana Cultural, concerto com: Canto D'Aqui, Uxia e a Banda Municipal de Santiago de Compostela
		Apresentação a cargo de: Noémí Bosanta Marisa Moreda Fernando Pena	

LOURIÑA

O PORRIÑO

Novo circuito de Calistenia e Street Workout no Porriño

O concelleiro de Deportes, Manuel Carrera, fixo unha visita ao novo circuíto de Calistenia e Street Workout que funciona no Porriño e que permitirá a aquelas persoas que o desexen, en xeral, e en especial os practicantes destes destas disciplinas, poder exercitarse neste 'perímetro', especialmente deseñado e pensado para estas modalidades.

O mesmo, situado no parque da 'Travesía do Matadoiro', para a realización de "exercicios específicos e outros complementarios para persoas que practican deporte ao aire libre", salientou Carrera, quen lembrou que este circuíto pódese incluír en zonas de fitness ampliando



a variedade de exercicios e "facendo unha rutina de adestramento máis completa", algo que, subliñou fora moi demandado por rapaces do Porriño.

Coma demostraron varios dos deportistas que acudiron ao novo parque a exercitarse, o mesmo conta con 'barras altas',

que están pensadas para tonificar a musculatura de brazos, ombreiros e costas; un banco de abdominais, para mellorar a forza e os músculos superiores do abdome, ou unha estrutura de flexións, con dúas barras horizontais de distinta altura para realizar flexións de brazo.

O Festival de Cans impulsa un concurso de 'booktrailers e booktubers'

O Festival de Cans, que terá lugar entre o 23 e 26 de maio, impulsará nesta XV edición un 'concurso de booktrailers e booktubers', que terá como obxectivo estimular a lectura en galego e a creación audiovisual entre persoas de todas as idades, pero sobre todo entre as máis novas e os máis novos. Estas pequenas pezas creativas, que consisten en resumir en poucos minutos de imaxes o contido dun libro, están a medrar cada vez máis na rede, ata o punto de que comeza a haber concursos específicos en festivais, adicados a esta modalidade.

Este concurso chamado "Ollo de vidro" enmárcase dentro dunha iniciativa da canle de youtube 'Recoméndoches un libro', impulsada en anos anteriores por varias institucións de Vigo como a Biblioteca Neira Vilas, O IES Castela e a Escola Oficial de Idiomas, ademais da Asociación de Veciños de O Calvario, entidade patrocinadora do evento. Este ano incorporáranse tamén como promotoras do proxecto dúas institucións moi activas de O Porriño, como a Biblioteca Municipal e o IES Pino Manso, aínda que a participación estará aberta a todas as persoas que o desexen de calquera punto de Galicia.

Un 'Planetario' para que máis de 500 estudantes coñezan un xeito distinto de aprender ciencias co programa 'Cinema 360°'



A Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) do Concello do Porriño levou adiante entre os días 5 e 8 de febreiro – contando coa participación de 565 alumnas e alumnos de centros de educación da vila – a actividade: 'Cinema 360°'.

Da man de técnicos especializados, os estudantes poideron asomarse, en horario

escolar, a un xeito distinto de aprender ciencias, e sorprendéronse coas proxeccións en 3D, as imaxes espectaculares das constelacións e ceo estrelado no 'Planetario 3D'.

Entre as filmacións hai que salientar 'Toupas', 'A formación do Sistema Solar', 'Crónica dunha viaxe á Terra', 'A orixe da vida', 'Selección natural de Darwin', ou 'Cambio Climático', a elas sumouse

un visionado e explicación do ceo e proxeccións de estrelas, constelacións e planetas.

O Domo (Planetario), estivo colocado en diferentes localizacións: Os días 5 e 6 de febreiro no Pavillón municipal dos deportes do Porriño, o 7 no Ceip da Ribeira na parroquia de Torneiros-Polígono e o 8 de febreiro no Ceip de Atios na parroquia de Atios.

A Rondalla de Pontellas gaña o Concurso de Rondallas da Área Metropolitana de Vigo

Setemil cincocentas persoas, que encheron o aforo preparado para o acto, puideron ver o domingo 28 de xaneiro no IFEVI como a rondalla de Pontellas se levaba o primeiro premio do Concurso de Rondallas da Área Metropolitana de Vigo.

A calidade das dez formacións participantes foi altísima e, ademais de composicións tradicionais, foron quen de atreverse con temas

dos Beatles, unha música que non faría estrano que o propio capitán Sparrow estivese entre o público, a banda sonora de Piratas do Caribe, ou a de 'Star Wars'.

Finalmente foi a forza a que acompañou á rondalla porriñesa que conquistou o maior número de votos do xurado, por diante de Santa Eulalia de Mos e a Rondalla de Vincios, que obtivo a terceira praza nunha xornada para non esquecer.



Carmela Silva visita a sede de SmartPeme



A presidenta da Deputación, Carmela Silva, e a alcaldesa, Eva García de la Torre, acompañadas polo deputado responsable de Innovación e Promoción Económica, Javier Dios, e a concelleira de Emprego, Igualdade e Servizos Sociais, Soledad Girón, visitaron este xoves o punto SmartPeme do Porriño, situado no Multiusos de Torneiros.

A presidenta salientou o traballo que está a facer SmartPeme, organismo dependente da Deputación, no asesoramento e axuda activa ás e aos emprendedores. Silva salientou “o valor” das persoas que deciden poner en marcha unha idea empresarial e engadiu a importancia das ideas para xerar actividade económica e crear emprego.

A presidenta, que coñeceu varios dos proxectos que están a impulsarse dende SmartPeme do Porriño, felicitou ao seu equipo porque en 2017 asistiron ás súas clases 452 persoas, un 32% máis que en 2016, organizáronse 80 talleres e acometéronse 378 asesoramentos, “o que supón un crecemento do 66% en relación ao ano pasado”.

Carmela Silva quixo destacar o “traballo espectacular que está a facer o Goberno local do Porriño para crear emprego” na vila que, engadiu, é un exemplo de xestión dende a administración local no eido laboral.

A alcaldesa felicitou a SmartPeme por “derrubar as barreiras tecnolóxicas” e apostar polas polas persoas e lembrou que O Porriño é un concello industrial e emprendedor que aprecia ás ideas innovadoras.

Eva García de la Torre subliñou a aposta que está a facer o Goberno local por chegar a acordos coas empresas para facilitar a integración laboral das veciñas en veciños que están no paro, e lembrou que “apostamos por un cambio completo no xeito de xestionar o emprego dende o Concello”, unha iniciativa que “permitiu baixar a taxa de pparo no Porriño do 26% que había cando chegamos ao Goberno local ao 17,4% do pasado mes de decembro”.

Estudiantes franceses visitan 6 días O Porriño

Dende o domingo día 11 de febreiro, e ata o vindeiro día 17, un grupo de estudantes franceses estarán no Porriño nun programa de intercambio impulsado pola Concellería de Educación, que dirixe Lourdes Moure.

As rapazas e rapaces, de entre 14 y 17 anos, proceden da rexión francesa de Bordeos, e estarán aloxados en casas de alumnas e alumnos do IES Riberia do Louro, Colexio Santo Tomas e Colexio Hermanos Quiroga. Os estudantes porriñeses ‘devolverán’ a visita a Francia do 14 ao 18 de abril.





6ª edición do concurso de micro-relatos OZOCOGZ!!

Se gustas da escrita esta pode ser a oportunidade de demostralo e, ao tempo, poder gañar un marabilloso xantar ou cea para dúas persoas nun lugar marabilloso, na Taberna Cultural A Arca da Noe, en Vilar de Santos, A Limia.

O xurado conta con representantes das librarías Andel de Vigo, Escolma do Carballiño, Miranda de

Bueu, Pedreira de Compostela e Vagalume de Lalín, están tamén as escritoras e escritores Arantza Portabales, Rochi Novoa, Fran Fernández Davila e Manuel Núñez Singala, xunto con Susana Villamor Prieto, brillante gañadora da última edición do concurso.

<http://es.calameo.com/read/0030457611222d28f8649>



ecocelta®
Naturaleza en equilibrio

Abonos e sustratos ecolóxicos

Materias primas de Galicia

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 administracion@ecocelta.com
Crt. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Ponteareas

Ecocelta co campo galego

